

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 592 - Profesores de escolas oficiais de idiomas
Especialidade: 001 - Alemán
Tribunal: único

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO

DATA PUBLICACIÓN: [12/06/2021]

Cualificarase de 0 a 10 puntos. Para superar esta proba, deberase obter unha puntuación de polo menos 25% do valor de cada unha das partes (Parte A e Parte B), e unha puntuación total resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos.

CRITERIOS XERAIS:

- Aмосa dominio no uso funcional da lingua.
- Mostra dominio gramatical dun nivel de lingua complexo de forma natural.
- Domina un repertorio léxico variado e preciso, sen incorreccións.
- Le os exercicios con fluidez e naturalidade.
- Pronuncia de forma clara e natural.
- Utiliza correctamente a entoación e a énfase para reforzar matices de significado e facer o discurso memorable.

CRITERIOS ESPECÍFICOS

2.1. PARTE A

Esta parte ten un valor de 60% da nota do primeiro exercicio . Cómpre realizar as tres tarefas para que a parte A sexa avaliada.

2.1.1. Audición

Esta tarefa ten un valor de 30% da nota da proba A

- Identifica, reproduce e reformula información de detalle ou específica extraída dun texto oral.
- Resume o contido do texto de xeito preciso, correcto e coherente, discriminando as ideas principais e secundarias, reelaborándoas e transmitíndoas de forma clara, convincente e eficaz.
- Presenta unha distribución en parágrafos idónea, lóxica e eficaz, que facilita a comprensión, e a puntuación é correcta.

2.1.2. Tradución

Esta tarefa ten un valor de 20% da nota da proba A

- Traduce fragmentos de textos literarios ou periodísticos conceptualmente complexos, trasladando de maneira fidedigna o contido da fonte proposta e respectando os seus trazos característicos (estilísticos, gramaticais ou léxicos).

2.1.3. Análise de texto

Esta tarefa ten un valor de 50% da nota da proba A

Identifica o tipo de texto e o xénero textual, as función comunicativas principais e secundarias, e os recursos estilísticos empregados nun texto escrito.

Organiza a análise dunha forma ordenada, clara e eficaz.

Domina e emprega recursos de análise lingüística.

Utiliza exemplos relevantes extraídos do texto para fundamentar o comentario.

Formula unha proposta de aplicación didáctica na aula dun texto escrito e indica nivel, obxectivos a acadar, actividades e avaliación.

2.2. PARTE B

Esta parte ten un valor de 40% da nota do primeiro exercicio.

-Estrutura de forma clara, precisa e coherente os contidos a tratar.

-Enlaza e cohesiona adecuadamente os contidos expostos.

-Sustenta o desenvolvemento do tema con fontes contrastadas.

-Presenta unha redacción clara, precisa, coherente e ben articulada.

-Expresa os contidos cun repertorio léxico variado e preciso, e coa linguaxe técnica requirida polo tema.

-Expresa os contidos sen incorreccións gramaticais.

-Expón contidos adecuados ao enunciado do tema.

-Trata en profundidade e con detalle contidos relevantes e actualizados.

-Trata os contidos cunha perspectiva crítica.

-Le o tema redactado con fluidez e naturalidade.

-Pronuncia de forma clara e natural.

-Utiliza correctamente a entoación e a énfase para reforzar matices de significado e facer o discurso memorable.